

# 1 Tipos de elementos CSS. Elementos de bloque e en liña.

En xeral, pódese dicir que **os elementos a nivel de bloque** poden conter elementos en liña e en bloque, mentres que **os elementos en liña** só poden conter datos e outros elementos en liña.

Para XHTML os párrafos (*p*), cabeceiras (como *h1*), listas (*ol*, *ul*, *dl*) e *divs* son os elementos de nivel de bloque máis comúns. O texto enfatizado (*em*) e as áncoras (*a*) son exemplos de elementos en liña comúns.

Sen embargo, en CSS a noción de "nivel de bloque" e "en liña" é puramente de presentación. Así poderemos indicarlle ó navegador cómo presentar o deseño do documento empregando os atributos *block* e *inline*. Estes atributos asígnanse empregando a propiedade *display*. As seguintes descripcións resumen as diferencias de presentación entre elementos a nivel de bloque e en liña de CSS.

Un elemento a nivel de bloque de CSS (*display: block*) sempre xera saltos antes e despois del. Enche o ancho disponible do elemento pai que o contén sexa o ancho do corpo do documento ou un espazo menor definido, como un *div*.

Os elementos en liña CSS (*display: inline*) non xeran saltos de liña. Aparecen no fluxo de liña e só pasarán a outra liña se non teñen espazo.

A diferenza das características XHTML de bloque e en liña, un elemento a nivel de bloque CSS pode estar anidado nun elemento en liña e viceversa. Ó empregar CSS calquera elemento (X)HTML pode converterse a nivel de bloque ou en liña.